

RESUMO

O SECTOR SECUNDARIO: DEFINICIÓN. TIPO DE ACTIVIDADES QUE O COMPOÑEN

- As actividades económicas que transforman as materias primas en produtos elaborados ou en semielaborados forman parte do **sector secundario**.
- As actividades económicas que comprende o sector secundario son a industria, minería, fontes de enerxía e construción.
- A actividade industrial desenvolveuse tardiamente en España e tivo o seu auxe entre 1960 e 1975 onde chegou a ser o primeiro sector de actividade do país.

A ACTIVIDADE MINEIRA

- As materias primas de orixe mineral **clasifícanse** en:
- **Minerais metálicos** dos que en España hai **reservas** de ferro, pirita, chumbo, cinc, mercurio, volframio e estaño. Aínda que practicamente **impórtase** a maioría destes dado que é máis rendible compralos e doutros dos cales (como a bauxita) España non ten reservas. **Utilízanse principalmente na industria básica e de transformación**.
- **Minerais non metálicos** dos que hai importantes **reservas** de sales potásicas, sal común, arxilas especiais, caolín e cuarzo. **Utilízanse principalmente na construción e na industria química**.
- **Rochas industriais** como a calcaria, granito, lousa, mármore e xeso. É un sector rendible e exportador. **Utilízase principalmente na construción**.
- **Galicia** ten unha importante actividade mineira xera o 12% do valor da produción mineira de España. Destacando principalmente en **rochas industriais** (granito e lousas) e **minerais non metálicos** (caolín).

AS FONTES DE ENERXÍA

- As **fontes de enerxía clasifícanse** en:
- **Primarias e finais** ou **secundarias**. En relación co seu uso.
- **Renovables** e **non renovables**. En relación do seu esgotamento ou non esgotamento.
- **Clásicas** ou **alternativas**. En relación do tempo de uso.
- **Contaminantes** ou **non contaminantes**. En relación ao medio ambiente.
- **O sistema enerxético español** ten un **balance enerxético negativo** posto que demanda máis fontes de enerxía das que produce. A porcentaxe de autoabastecemento en enerxías primarias era no 2007 do 21%.
- Destacan como **enerxías non renovables**: petróleo, carbón, gas natural e a nuclear. Son as que soportan o sistema enerxético español. Aportan o 90% da enerxía final.
- Nas últimas décadas aparecen as **enerxías renovables**: hidráulica (xa era unha fonte de enerxía clásica), eólica, solar, biomasa, xeotérmica e maremotriz. Aportan o 10% da enerxía final.
- O **carbón** (antracita, hulla, lignito) **úsase** principalmente como fonte de enerxía na industria siderúrxica e para a produción de enerxía eléctrica (termoelectrónica). Os principais xacementos atópanse na **rexión astur-leonesa, catalano-aragonesa** e na **Serra Morena e proximidades**. A produción deste mineral descendeu nos últimos anos (explotacións en recesión, pouco

- competitivo, pouca calidade, filóns estreitos, friable) e impórtase cada vez máis (31% de autoabastecemento no 2007). Aporta o 13,4% da enerxía final.
- O **petróleo** impórtase practicamente a totalidade. **Úsase** principalmente na actividade industrial e no transporte. Representa a metade da enerxía final consumida no país. España ten un importante sector petroquímico que refina a totalidade desta fonte de enerxía. Existe unha importante rede de oleoductos.
 - O **gas natural** impórtase practicamente a totalidade. **Úsase** principalmente na actividade industrial, uso doméstico e produción de electricidade (termoeléctricas de ciclo combinado). O seu auxe disparouse na década dos oitenta posto que as reservas mundiais son maiores que as do petróleo. Aporta o 21,3% da enerxía final consumida. Existe unha forte rede de gasoductos e prantas regasificadoras.
 - A **enerxía nuclear** obtense pola fisión ou separación dos átomos pesados do uranio. Esta enerxía medrou nos anos setenta coa crise do petróleo. **Úsase** para a produción de enerxía eléctrica. Hai oito reactores nucleares en funcionamento en España que xeran o 19% da enerxía eléctrica e o 9,5% da enerxía final. A enerxía nuclear ten riscos serios como a seguridade das instalacións e sobre todo os residuos radioactivos. A política enerxética actual prevé a súa paralización das centrais no momento en que morra a súa vida técnica.
 - As **enerxías renovables** a máis clásica é a **hidráulica** pero cada vez máis está destacando a **eólica** que practicamente produce a mesma cantidade de enerxía que a anterior. En menor grao está a **solar** (aínda que España hai un forte potencial pola súa situación), **biomasa** e **xeotérmica**. Os seus usos son variados: **electricidade**, **uso doméstico** e **industrial**. O plan de enerxías renovables prevé que estas provean como mínimo o 12% da enerxía final.
 - O **Plan Enerxético Nacional** e o **Plan de Enerxías Renovables** ten como obxectivos: o abastecemento seguro, o aforro enerxético, liberalizar o mercado interior da enerxía, reducir o impacto ambiental negativo, incrementar o uso das enerxías renovables.
 - A **produción enerxética en Galicia** é moi elevada. Xera o 10% da electricidade de España. Destaca por importancia a termoeléctrica, hidráulica e eólica.

A INDUSTRIA

- O proceso de industrialización comezou máis tarde que no resto de Europa. A finais do XIX España seguía sendo un país basicamente rural.
- Caracterizouse por ser un proceso **serodio**, **feble** e **asimétrico**. Este proceso foi serodio, feble e asimétrico:
- Destacamos **cinco etapas**:
 - a) **Inicio** (1830-1900): localízase no Norte Peninsular e Cataluña. Destaca a extracción de ferro e carbón e a industria téxtil.
 - b) **Lento crecemento** (1900-1959) cun **primeiro período de (1900-1930)** de crecemento industrial e un **segundo período (1936-1959)** de estancamento ligado á guerra civil e a autarquía.
 - c) **Forte crecemento** (1960-1975): **liberalización económica, industrialización con fortes desequilibrios territoriais**. Producción na industria básica: siderurxia, petroquímica, construción naval; nos bens de consumo: automóbil, confección, moble e electrodoméstico; escaseza nos bens de equipo. **Sistema fordista e tradicional**. **Man de obra abundante e barata**. **Atraso tecnolóxico**. **Dependencia técnica, financeira e tecnolóxica**. As áreas

- industriais** localízanse na costa Cantábrica, Mediterránea e Madrid. Política industrial: intervención do Estado: polos de desenvolvemento naquelas áreas pouco industrializadas como Galicia.
- d) **Crise e reconversión industrial** (1975-1985). **Causas:** subida do prezo do petróleo, atraso tecnolóxico crise do sistema fordista, globalización da economía, maior esixencia na demanda e deficiencias na estrutura industrial española. **Consecuencias:** reconversión industrial. Reindustrialización: Zonas de Urxente Reindustrialización (ZUR).
- e) **A industria na sociedade posindustrial** (de 1985 ata a actualidade): recuperación como resultado da incorporación a Unión europea e adaptación aos cambios da terceira Revolución Industrial. Saneamento das empresas públicas españolas (posteriormente privatizadas) e fondos europeos dedicados ao desenvolvemento tecnolóxico. Predominan os sectores maduros, os sectores dinámicos que dependen financeira e tecnoloxicamente do exterior (risco de deslocalización. Atraso nos sectores industrias punta.
- **Principal localización industrial:** Eixe do Mediterráneo, Eixe do val do Ebro e área industrial de Madrid.
 - **Zonas con desequilibrios territoriais** (moi focalizada nalgúns núcleos e áreas) cornixa Cantábrica (área afectada pola reconversión industrial), Andalucía, Galicia, centro peninsular, Canarias e Baleares.
 - **Situación dos sectores: maduros en recesión:** metalurxia, electrodomésticos e téxtil. **Dinámicos** con mantemento da demanda: automóbil, química e agroalimentario. **Punta** pouco localizados en parques tecnolóxicos e aínda insuficiente.
 - **Desafíos da industria española:** aumentar a produtividade, mellorar a intensidade tecnolóxica, manter a cota de mercado dentro da UE.
 - **Consecuencias da globalización:** tendencia a terciarización do emprego nas sociedades avanzadas (posindustriais).
 - **A industria en Galicia** ten os mesmos niveis de poboación activa que a media do Estado aínda que iniciou con moito atraso o proceso de industrialización. Padeceu unha forte **reconversión industrial** sobre todo no sector naval. Predominan os sectores maduros e dinámicos. Pouca presenza do sector punta.

A CONSTRUCCIÓN

- Aporta o 12% de emprego e o 16% do PIB.
- Crecemento desmesurado do sector entre 1998-2007.
- Crise *burbulla inmobiliaria* dentro da crise mundial pero con características singulares en España. Entre principios de 2008 e mediados de 2009 máis da metade do emprego destruído na nosa economía pertence a esta actividade.